




Concello da Coruña

Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 SNM	Documento 21118I04YC	
Código de verificación  3R02 0P3K 603R 5T06 00LG	Expediente 211/2023/866	
	Fecha 13-09-2024	

ASUNTO: Publicación no taboleiro de edictos da resolución provisional da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e o apoio ao desenvolvemento de actividades físicas e deportivas que se realicen durante o exercicio 2024

ANUNCIO

A Concellería de Deportes convocou para o ano 2024, por resolución de data 17 de abril de 2024, RES/AYT/6871/2024, do Terceiro tenente de alcaldesa e Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, por delegación da Xunta de Goberno Local (Acordo do 05.07.2023, BOP núm. 131, do 11.07.2023), subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e o apoio ao desenvolvemento de actividades físicas e deportivas que se realicen durante o exercicio 2024

O extracto da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 80, do 24 de abril de 2024, BDNS (Identif.): 755583.

Asentada o día 30 de setembro de 2024 a resolución provisional da convocatoria indicada, publícase con este Anuncio unha copia da dita resolución provisional para coñecemento xeral, consonte a Base 15 da convocatoria, e o artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

Infórmase de que o prazo de presentación das alegacións é de 5 días naturais: do 1 ao 7 de outubro de 2024, ambos incluídos.

Neste prazo as persoas interesadas (solicitantes e beneficiarias) poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

A resolución provisional non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notificase a resolución definitiva da concesión.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento

O director da Área de Deportes

Daniel Rego Vilares